



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, A ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO (O PORRIÑO) E A DIÓCESE DE TUI - VIGO PARA A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA RECTORAL DE CHENLO (O PORRIÑO) COMO CENTRO SOCIOCULTURAL CONXUNTAMENTE CO TORREIRO DA FESTA.

En Chenlo (Porriño), a 21 de xullo de 2009

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, con DNI 76.907.670-V, Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Chenlo (O Porriño), actuando en virtude de nomeamento efectuado pola Xunta Veciñal da entidade na súa sesión constitutiva e dacordo coas atribucións que lle sinalan os artigos 45 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 159.1 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E o Excmo. e Rvdmo. Sr. Bispo da Diócese Tui - Vigo, D. Xosé Diéguez Reboredo, no nome e representación da mesma, con CIF Q-3600056-J, e enderezo en Dr. Corbal, 90, do Concello de Vigo (36207).

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir os acordos, e



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo

MANIFESTAN

I.- Que de conformidade co disposto nos artigo 36 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, as Deputacións Provinciais teñen atribuídas as competencias de desenvolvemento económico e social, e o fomento dos intereses peculiares da provincia.

Un dos obxectivos prioritarios da Deputación de Pontevedra é establecer o fomento e a difusión da cultura en todas as súas manifestacións, posto que unha sociedade culta é sinónimo dun pobo vivo e dinámico, sendo necesario para a súa expresión e promoción a existencia dunhas instalacións adecuadas nas parroquias dos concellos.

II.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

III.- O Bispado de Tui é titular do recinto onde se atopan, ademais dos equipamentos propios -igreja, cemiterio, etc...-, dúas fincas, unha delas colindante co entorno do cemiterio, cunha superficie de 3.782,55 m² e outra na que se ubica a antiga casa rectoral, que se atopa nun estado de conservación moi deficiente, presentando un aspecto de abandono total e que require levar a cabo importantes obras de rehabilitación para a súa recuperación.



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo


Pola súa banda a Entidade Local Menor de Chenlo non dispón de ningún local como centro sociocultural para os veciños, e que ó mesmo tempo sirva como sede da Entidade. Así mesmo, ten necesidade de dispoñer dun espazo mínimo para a celebración das súas festas tradicionais.



Pois ben, coa finalidade de por en uso o conxunto de todas estas instalacións, de tal xeito que poidan satisfacer o cumprimento das finalidades relixiosas, e ó mesmo tempo prestar un servizo á comunidade, é de todo necesario proceder a potenciación de todo este recinto.

Todas as actuacións tendentes a revitalizar e por en uso todo o conxunto, require un esforzo económico moi importante que ningunha das Entidades implicadas podería abordar por si sóa, é polo que para aunar esforzos subscriben este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS



Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración para realizar as inversións necesarias para levar a cabo, dun lado a rehabilitación do edificio da antiga rectoral de Chenlo (O Porriño) para destinalo a centro sociocultural e sede da Entidade Local Menor, e doutro realizar melloras no Campo do Torreiro da Festa, para a utilización e disfrute dos veciños.

A inversión total de todas estas actuacións ascende a contía de cincocentos noventa e dous mil euros (592.000,00 €).



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra




Bispado
Tui-Vigo

Segunda.- Obrigas do Bispado de Tui-Vigo.

O Bispado de Tui-Vigo como propietario titular de todo o recinto comprométese a:

1.- Ceder a propiedade da parcela designada coa letra "A" nos planos anexos a este convenio, cunha superficie de 3.782,55 m² lindante co entorno do cemiterio, a favor da Entidade Local Menor de Chenlo (O Porriño), coa finalidade de destinala a equipamento publico, para uso e disfrute dos veciños.

2.- Ceder a propiedade da parcela designada coa letra "C" onde está ubicada a antiga Casa Rectoral de Chenlo, cunha superficie de 2.195,38 m² , á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, na que levará a cabo as obras de rehabilitación necesarias para convertila nun centro sociocultural e relixioso.



Terceira.- Obrigas da Entidade Local Menor de Chenlo

1.- A Entidade Local Menor de Chenlo compensará a cesión desta parcela, prevista nas normas urbanísticas do Concello de O Porriño como de equipamento público, na contía de **72.000,00 euros**, que serán aboados ó Bispado de Tui-Vigo da seguinte forma: 36.000,00 euros no ano 2009 e os outros 36.000,00 euros no ano 2010, existindo consignación orzamentaria para o citado gasto con cargo á partida 4.60 do orzamento do ano 2009.



Entidade
Local
Menor de
Chenlo




Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo

2.- Unha vez rehabilitada pola Deputación a antiga Casa Rectoral, a Entidade Local entregará á parroquia a denominada “Casa da Fábrica” debidamente arreglada e en bo uso.




Cuarta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

1.- Proceder á redacción do proxecto de execución da rehabilitación do edificio da antiga rectoral, composto de planta baixa e alta, coa finalidade de dedicalo a centro sociocultural, sede da Entidade Local Menor de Chenlo e, así mesmo, como sede parroquial.

A inversión estimada será de 520.000,00 euros.

A financiación realizarase nas seguintes anualidades:

2009	2010	2011	TOTAL
226.086,95 €	158.260,87 €	135.652,18 €	520.000,00 €



2.- Á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción da obra contemplada no proxecto técnico que será financiada, na súa anualidade 2009, con cargo á partida 09/432.432.622.03 do vixente orzamento provincial.

A anualidades de 2010 e 2011 financiaranse con cargo ás partidas correspondentes dos exercicios futuros.

3.- Una vez levadas a cabo as obras de restauración cederá o uso do inmovible á Entidade Local Menor de Chenlo, para os fins citados excepto



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo

a parte destinada a Sede Parroquial, que comunica coa Igrexa, que estará dotado dun despacho, un cuarto de aseo e un salón. Todo este conxunto duns 50 m2 pasará a ser propiedade do Bispado para actividades pastorais propias da Parroquia.



4.- Obter as correspondentes licenzas municipais e tramitar ante outros Organismos as autorizacións pertinentes que foran precisas en relación con esta obra.

5.- Se a Casa Rectoral deixa de estar dedicada ó uso da Entidade Local Menor de Chenlo, o edificio pasará a ser usado pola Parroquia Eclesiástica de San Juan de Chenlo Diócese de Tui-Vigo.

Quinta.- A Entidade Local Menor de Chenlo, unha vez que se lle entregue o edificio restaurado comprométese ó mantemento do mesmo, sendo da súa conta os gastos correspondentes, e asumindo a responsabilidade dende o día seguinte o da realización da acta de recepción e cesión.

Sexta.- O contido das distintas cláusulas deste convenio, poderán elevarse a escritura pública a petición de calquera das partes implicadas.

Sétima.- Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte un representante de cada unha das partes firmantes do mesmo.

Esta comisión reunirse no prazo de tres días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, na sede do Organismo requerido.



Entidade
Local
Menor de
Chenlo



Deputación
Pontevedra



Bispado
Tui-Vigo

Oitava.- O convenio ten natureza administrativa, aceptándoo así ambas partes e obrigándose o seu estricto cumprimento, recoñecendo así mesmo á xurisdicción contencioso-administrativa como a competente para resolver calquera discrepancia que puidese suscitarse.

Novena.- O convenio entrará en vigor na data da sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2011.

Décima.- Serán causas de resolución o incumplimento das obrigas derivadas do mesmo.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por triplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de
Pontevedra



Deputación
Pontevedra
Rafael Louzán Abal

Pola Entidade Local Menor de
Chenlo (O Porriño)



Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Polo Bispado de Tui-Vigo

+ José Siegues
Obispo de Tui-Vigo


Xosé Diéguez Reboredo



Generoso Iglesias Alonso

Alicia Iglesias Domínguez

Jónathan Alves Iglesias



Deputación Pontevedra

PLANO TOPOGRÁFICO: PROPOSTA DE DIVISIÓN

ABás
Estudios e Proxectos Agrarios

O PORRIÑO Rúa Ramón González nº 2 e 4 andar 1ºA5
tfn 985 338447 enderezo correo e abasco@arrakis.es
SALCEDA DE CASELAS Rúa Arxentina nº 6 baixo
tfn 986 347996 @INSTRUCO@165 e 0035023@136.es

PETICIONARIO ENTIDAD LOCAL MENOR DE CHENLO

FINCA "IGLESARIO"

SUPERFICIE TOTAL 9.237,86 m².

REALIZADO POR:

ROBERTO OCAMPO CARDALDA

Enxeñeiro Técnico Agrícola
Colexiado nº 626

LOCALIZACIÓN

LUGAR
ABAS

PARROQUIA
CHENLO


CONCELLO
O PORRIÑO

DATA
24/02/2009

Nº DE PLANO
P202008

ESCALA
1/1000

Datos relativos a límites do terreo según plano topográfico de TOPOGRAY, N° 03030.



Generoso Iglesias Alonso

Alicia Iglesias Domínguez

Jonathon Alves Iglesias

CAMIÑO PÚBLICO

PARCELA C - "CASA RECTORAL"

PARCELA B - "CEMITERIO E IGREXA"


ESTRADA

aparcadoiro
26 plazas

5
4,5
4,5
9



Deputación
Pontevedra



PLANO TOPOGRÁFICO DE DESLINDE: PARCELA "A"

ABás
Estudios e Proxectos Agrarios

O PORRIÑO Rúa Ramon Gonzalez nº 2 a 4 andar 1ºA5
tfnº 988 338447 endereço correo e abaspa@arrakis.es
SALCEDA DE CASELAS Rúa Arxentina nº 9 baixo
tfnº 986 347996 endereço correo e abas02@arrakis.es

PETICIONARIO ENTIDAD LOCAL MENOR DE CHENLO

PARCELA A - "TORREIRO DA FESTA"

REALIZADO POR:
ROBERTO OCAMPO CARDALDA

SUPERFICIE 3.782,55 m²

Enxeñeiro Técnico Agrícola
Colexiado nº 626

LOCALIZACIÓN

LUGAR
ABAS

PARROQUIA
CHENLO



CONCELLO
O PORRIÑO

DATA
24/02/2009

Nº DE PLANO
P202008

ESCALA
1/1000


Datos relativos a límites do terreo según
plano topográfico de TOPOGRAY, Nº 03030.





[Handwritten signature]




PLANO TOPOGRÁFICO DE DESLINDE: PARCELA "B"

 <small> O PORRIÑO Rúa Ramon Gonzalez nº 2 e 4 andar 1ºº 3 Tfno 986 338447 enderezo correo e abas@porrius.es SALCEDA DE CASELAS Rúa Arxentina nº 9 baixo Tfno 986 347998 enderezo correo e abas2@porrius.es </small>	PETICIONARIO ENTIDAD LOCAL MENOR DE CHENLO		REALIZADO POR: ROBERTO OCAMPO CARDALDA <small> Enxeñeiro Técnico Agrícola Colexiado nº 628 </small>
	PARCELA B - "CEMITERIO E IGREXA"		
	SUPERFICIE 3.259,92 m ²		
LOCALIZACIÓN			
LUGAR ABAS	PARROQUIA CHENLO	CONCELLO O PORRIÑO	
DATA 24/02/2009	Nº DE PLANO P202008	ESCALA 1/1000	
Datos relativos a límites do terreo según plano topográfico de TOPOGRAY, N° 03030.			



PLANO TOPOGRÁFICO

 <p>ABás Estudios e Proxectos Agrarios</p> <p><small>O PORRIÑO Rúa Ramón González nº 2 e 4 andar 1º-4º tfnº 986 338447 andarezo correo e abaspo@arrakia.es SALCEDA DE CASELAS Rúa Argentina nº 9 baixo tfnº 995 347595 andarezo correo e abas02@arrakia.es</small></p>	PETICIONARIO ENTIDAD LOCAL MENOR DE CHENLO		REALIZADO POR: ROBERTO OCAMPO CARDALDA Enxeñeiro Técnico Agrícola Colexiado nº 626
	PARCELA C - "CASA RECTORAL"		
SUPERFICIE 2.195,38 m ² .			
LOCALIZACIÓN			
LUGAR ABAS	PARROQUIA CHENLO	CONCELLO O PORRIÑO	
DATA 24/02/2009	Nº DE PLANO P202008	ESCALA 1/1000	Datos relativos a límites do terreo según plano topográfico de TOPOGRAY, Nº 03030.